

MOBILIDADE SEGURA

Hoxe recibimos unha carta dende o espazo dun superheroe chamado Peonín30 que chegou á Terra para convertela nun lugar con mobilidade sostible e segura.

Queremos compartila convosco!!

Queridos Terrícolas:



Chámome Peonín30 e cheguei á Terra cunha misión: conseguir que todos os habitantes do planeta aprendan as normas de seguridade viaria que debes cumprir para movernos tranquilamente polas rúas e estradas.

Tamén vos contarei as posibles causas dos sinistros viarios e as graves consecuencias. Agardo que me axudeades sendo bos peón, mellores condutores e concienciando á cidadanía.

Unha aperta.

Plan de la colección

1.- Aprendendo e cumprindo as normas

1.1. A escola e os peóns

1.2. Os vehículos

2.- Incumprindo as normas

2.1. Sinistros viarios. Causas

2.2. Sinistros viarios. Consecuencias




1.-Aprendendo e cumprindo as normas

1.1. A escola e os peóns

Sabedes que a escola é o primeiro lugar onde os nenos e nenas se achegan ao coñecemento despois da súa familia. Por iso é preciso que a Educación Viaria estea incluída no currículo.



Pode ser unha actividade interdisciplinar compartida por varias materias tal e como fan no Colexio Cardenal Cisneros de Ourense. Eu xa estiven alí e comprobeino!



Folla bloque mostra emitida o 18/09/2013: Impresión: Ocogravado Papel: Estucado, engomado, fosforescente
Tamaño do selo: 40,9 x 28,8 mm (H) y 28,8 x 40,9 mm (V) Tamaño da folla: 115 x 144 mm (vertical)
Valor postal dos selos: 0,37 € Tirada: 280.000 Follas. Dentado: 13 $\frac{1}{4}$

Para que poidamos chegar a ter cidades seguras e sostibles, temos que cumprir as normas; por iso imos lembralas para que as aprendamos nós e poidamos concienciar á cidadanía.



Os Talleres sobre Educación Viaria, os Parques Infantís de Tráfico, o Camiño Escolar, o converterse en garda de circulación, ... Son actividades que farán que os participantes se involucren na actividade e así aprendan disfrutando.



Emisión: Nova Caledonia, 12/3/1977
"Prevención na estrada centrada na educación escolar"
Dentado: 13

Emisión: Nova Caledonia, 5/7/1980
"Seguridade no camiño escolar".
Dentado: 13 x 12½

1.1. A escola e os peóns

No camiño escolar conseguiremos que nós, os nenos e as nenas sexamos autónomo para ir e vir do noso colexio.



Tarxeta enteiro postal emitida en Hungría en 1983 co texto "Protexa aos nenos"



Carta certificada de Berna (Suiza) a Valencia o 1/3/1959 día de emisión da serie

No curso 2022-2023 a materia Seguridade Viaria pase a formar parte do itinerario educativo de Primaria, Secundaria e Bacharelato.



Carta con saída de Madrid o 5/ 5/1962 e chegada a Barcelona o 1/6/1962 (no reverso)
Cuño de Madrid da Campaña do trafico II día sen accidentes



Carta certificada de Milán (Italia) a Navarra el 10/10/2005 con selo emitido o 7/4/2004 dedicado á Seguridade Viaria, Emisión conxunta con Nacións Unidas (Ginebra) e Francia.

Normas dos peóns

Se nós unha rúa temos que cruzar, buscaremos un paso habilitado polo que poidamos pasar.
Anda!!! E xa temos un pareado!



Xa sabedes que os máis pequenos sempre deben ir da man dun adulto.



Se levamos a un neno da man, ten que ir polo lado máis afastado do borde da rúa..



Carta circulada de El Arenal (Balears) a Holanda
 Inclúe no franqueo selo de España de 1 pta. emitido o 6 de abril de 1976 co lema "Mire antes de cruzar" dentro da serie "Seguridad Vial"

Normas dos peóns

Os pasos de peóns son marcas
brancas pintadas na calzada que dan
preferencia as persoas que se moven
a pé.

Miniprego

País: Rusia

Emisión: 5/8/2004

Motivo:

Protección vial infantil



Mini prego emitido en Ucraína o 14/10/2005 "Os nenos, o noso futuro"

Ademais da pintura na calzada os pasos habilitados a miúdo están sinalizados verticalmente con sinais para peóns e vehículos. Temos que fixarnos niso!



Tarxeta enteiroostal chinesa enviada o 20 de decembro de 1998

Nela vemos a maiores e pequenos cruzar a rúa polo paso de peóns collidos da man e con coidado

Ao chegar ao paso de peóns debemos parar, e mirar se o condutor xa nos viu preparar.
E antes de cruzar outra vez mirar esquerda, dereita, esquerda e a pasar.




Se camiñamos por unha estrada, debemos de circular pola esquerda




Rodillos das cidades de Bourg-en-Bresse e Oyonnax pertencentes ao Departamento de Ain
deseñados para a campaña de prevención en estrada: "Pola túa seguridade circula pola esquerda"

Se non hai paso habilitado hai que cruzar a rúa en liña recta e nun lugar con visibilidade suficiente para evitar posibles accidentes.



José P. Gómez Agüero
General Mola, 4
YUNCLILLOS (Toledo)

Carta circulada de Madrid a Yuncillos (Toledo) con rolo do 30/6/1981
Motivo: "Ayúdale a caminar"



Selo e cuño emitidos o 14/2/1979 en Bon (Alemania)

1.2. Os vehículos

De peóns soemos pasar a condutores de vehículos de dúas rodas como bicis, patinetes e motos.



Sobre enteiro postal sueco con data de saída 12/11/1981, tránsito 16/11/1981 no reverso e cuño ilustrado de chegada a Kangerlussuaq, o glaciar máis grande na costa este da capa de xeo de Groenlandia

Recordamos que ao igual que os demais vehículos, debemos sinalizar as manobras na bici.
Se imos a esquerda ese brazo estiraremos e para a dereita a 90° poñeremos.




Sobre inteiro postal emitida en Romanía en 1975. Código: 028/75



Sobre inteiro postal emitida en Romanía en 1975. Código: 028/75
Aparece o texto: "Antes de xirar asegura e sinaliza"

Pola beirarrúa coa bici a velocidade de peón; cruzamos os pasos habilitados coa bici da man.
Se nós na bici queremos andar, temos que por o casco se non nos queremos golpear.



Tarxeta enteiro postal de Israel na que se lembra que "As normas de tráfico aplícanse a todos os vehículos

Normas patín, monopatín.

Se te moves en patín ou monopatín podes circular pola rúa a velocidade de peón, é dicir, a 5 km/h como máximo e dándolle sempre a eles preferencia.



Folla bloque emitida o 7/5/2019 co gallo da JUVENIA 2019 celebrada en Burgos

Un neno con monopatín diante da fachada da Catedral de Burgos co rosetón en foil para darlle maior relevo



Sobre con matasellos bicolor de Burgos del 7 al 11 de mayo de 2019. Motivo: Neno en monopatín

A mellor protección na moto é o casco que debe estar homologado; xa sabedes que seu uso é obrigatorio. Normativa europea ECE/ONU R22.




Sobre con serie de Portugal dedicada á Seguridade no Tráfico emitida o 19/4/1978.
 Dentado: 12 x 11 $\frac{1}{2}$. Cuño dp primeiro día de circulación co texto "Circular e vivir"
 No selo de 5 \$ a lenda "O casco é a súa única protección"

Nos vehículos de catro rodas, han de cumprir as normas o condutor e os acompañantes.



A seguridade de todos está nas mans do condutor, coa axuda dos viaxeiros.




Carta circulada de Barcelona a Pontevedra. Franqueo de $3 \times 0,90 + 0,52 + 0,03 + 0,05 = 3,30\text{€}$ correspondiente a tarifa de carta certificada; por ello etiqueta con valor 0,00 €

Os nenos e as nenas deben viaxar en coche cunha cadeira infantil axeitada ata que teñan unha estatura superior aos 1,35 metros, normalmente ao redor dos 12 anos.



Folla bloque emitida o 5/6/1996 con sobrecargada con motivo da Exposición Filatélica Internacional "CAPEX'96"

En 2021 entrou en vigor a normativa ECE R-129 (i-Size) para cadeiras de retención infantil.



Serie emitida en Chipre turco "o 21/9/1990. Selo de 150TL co lema "O cinto de seguridade é un salvavidas"

Sabedes que a seguridade no voso coche tamén depende do bo mantemento do mesmo e da boa conservación das estradas.



Carta verde francesa é un correo rápido (2 días hábiles para chegar ao destinatario) pero máis económico e ecolóxico, por exemplo, no usa o avión.
Está ilustrada cun tramo de estrada



Normas vehículos de 4 ou máis rodas

Os autobuses, os coches, os camións,... todos deben cumprir as normas específicas de cada tipo de vehículo; tamén os sinais de tráfico, obedecer os semáforos,...



Carta circulada o 18 de xullo de 1965 franqueada con selos emitidos o 1/4/1965 pertencentes á serie dedicada á Exposición internacional de tráfico de Munich. Deseño: Magnus. Dentado: 14

Normas vehículos de 4 ou máis rodas. Cinto.

O cinto é unha peza clave na seguridade. Comezaron a utilizarse nas aeronaves no 1930. O seu obxectivo é minimizar as feridas nunha colisión e outros accidentes.



Tras anos de polémica o seu uso en automóviles é actualmente obrigatorio en moitos países. En España desde 1975 nos asentos dianteiros e desde 1989 en todas as prazas. A norma entrou en vigor en 1990 coa modificación da Lei de Seguridade Viaria.



Tarxeta máxima emitida o 7/4/2004. Motivo: cinto reflectindo a seguridade na estrada

Normas vehículos de 4 ou máis rodas. Cinto.

É o sistema de seguridade pasiva máis efectivo xamais inventado, incluída a bolsa de aire (airbag en inglés), a carrozaría deformable ou calquera adianto técnico de hoxe en día.



Os demais acompañantes tamén deben de facer uso do cinto de seguridade.

PREMIER JOUR
ERSTTAG FIRST DAY

SONDERPOSTMARKE
— **Sicherheitsgurt** —

Bild: Skelettierte Hände,
zusammengebunden mit einem Sicherheitsgurt.

Orts-Sonderpostamt: 1010 Wien


Kombinationsdruck

1010 WIEN 14/1975

Sobre con selo dedicado ao cinto e cuño do 1/4/1975 no que se pode ler: "Levar os cintos"

Normas para todos. Semáforo.

Os semáforos, tecnicamente sinais de control de tráfico, son dispositivos que se sitúan nas interseccións viarias e outros lugares para regular o tráfico, e por ende, o tránsito peonil. O primeiro semáforo, deseñado por John Peake Knight, instalouse en Londres en 1868.



Tomamos nota de que é o terceiro sinal con maior prioridade, unicamente por detrás dos axentes e os sinais de balizamento e circunstanciais.



Sobre xapónés do 1º día de circulación datado o 22/5/1967, con semáforos vertical e horizontal

Normas para todos. Semáforo.

O semáforo asigna de forma alternativa o dereito de paso a cada movemento ou grupo de movementos que conflúen nunha intersección.



Selo e cuño da serie dedicada a valores cívicos na que se inclúe a seguridade viaria.
Motivo: Neno e nena ao carón dun semáforo. Cuño do 1º día de Madrid do 18/9/2013



Sobre con selos emitidos en Uruguay o 28/5/1990 . Texto: "Cruce con luz verde"

2.- Incumprindo as normas

2.1. Sinistros viarios.

Causas

Un accidente de tráfico é un suceso imprevisto e alleo ao factor humano que altera a marcha normal ou prevista no desprazamento nunha vía.

Se pode evitarse,

NON é ACCIDENTE, é SINISTRO.



Tarxeta enteiro postal suíza
con rodillo do 26/7/1939 no que se le:
"A prudencia na estrada
prevén os accidentes"



BEATENBERG (Bern)



LA PRUDENCE
SUR ROUTE
PRÉVIENT LES
ACCIDENTS



POSTKARTE CARTE POSTALE CARTOLINA POSTALE

Monsieur Schumacher
Directeur
Café Serpenois
1 Rue Herelle
METZ
France

As causas dos accidentes poden deberse a factores climatolóxicos ou malas condicións da vía.



A maioría dos sinistros viarios prodúcense por negligencias ben dos condutores ou dos peóns.




Por iso hai que tomar precaucións como facerse visibles con luces ou chalecos reflectores



Unha das causas: invasión da vía por axentes externos como nen@s ou animais.



Rodillo con texto no que alerta aos condutores:
"Conductor: os nenos, sinal vivo de perigo"



Carta circulada o 5/3/1950 con rodillo con texto: "Usuarios da estrada, por favor, coidado cos nenos"

Outra das causas son as distraccións ou os despistes:

o non ver a un ciclista ou un peón por non ir atento, un erro nun xiro, e unha que está en aumento, o uso de dispositivos móbiles de comunicación.



Selo húngaro, dentado e sen dentar da serie dedicada á Seguridade Viaria emitidos o 18/8/1973.
Dentado: $12\frac{1}{4} \times 11\frac{1}{2}$. Na lenda anima a facerse máis visible:
"Coloque un faro en su bicicleta"

Selo emitido en Botswana o 1/12/1990
con motivo do
1º Día Nacional da Seguridade Viaria
Imaxe dun sinistro viario



Carta con cuño do 26/6/1967 do Sindicato do seguro; aínda que teñamos seguro, unha vida non ten prezo.

Para Juvenia
que nos vamos



11:20

Guay.. molan los sellos



Lleva el bañador para
las termas



11:30

PLIEGO PREMIUM Juvenia

Las JUVENIAS, Exposiciones Nacionales de Filatelia Juvenil, se celebran desde 1971. La Sociedad Miño de Ourense, por designación de FESOFI, organiza la XXIV JUVENIA, centrada en Ruta Termal del Miño y su entorno, punto de encuentro para mayores y pequeños.



000456

Ourense


CORREOS

Se saltamos os sinais de tráfico estamos a impedir a mobilidade segura nas estradas e cidades.
Se as respectamos, poderemos salvar vidas.




Rodillo francés do 10/1/1969 de Bellegarde-sur-Valserine cidade do Departamento de Ain
Lenda: "Estas señales salvan la Vida... Respéctaaas!"

País: Arxentina
Emisión: 19/5/2007
Dentado: 14




Tarxeta con cuño de Padua (Italia) do 12/9/1968 coa lenda "Os sinais salvan vidas"

Se non cruzamos por un paso habilitado ou o facemos mal por un paso de peóns, temos moitas posibilidades de sufrir un accidente.



Sobre inteiro postal romanés emitido en 1962, circulado o 23 de marzo de 1963 animando aos peóns a pór atención ao cruzar

Outra causa de sinistros é o saltarse os semáforos en vermello, tanto polos condutores de vehículos, como polos viandantes.



Rodillo do 7/9/1959 con semáforo e lenda "Para chegar rápido, primeiro seguridade"

O exceso de velocidade constitúe unha das principais causas dos accidentes de tráfico: cada ano prodúcese en España case 100.000 , dos que o 20% débense a infraccións de velocidade inadecuada.



Rodillo do 8/11/1982 no que se relaciona os condutores noveis coa velocidade dando resultado de morte

Un dos maiores causantes de accidentes é o consumo de alcohol cando se vai a conducir.




"A sobriedade de cada un garante a seguridade de todos."



Rodillo do 8/3/1985 coa lenda: "Beber ou conducir, é preciso elixir"

De feito, segundo a Dirección Xeral de Tráfico (DXT), o consumo deste tipo de bebida xera entre o 30 e o 50% dos accidentes mortais na estrada.



"Beber e conducir fai falta elixir"



Rodillo do 30/1/1989 "É máis fácil non beber antes de conducir que non conducir despois de ter bebido."

2.2. Sinistros viarios. Consecuencias.

Un sinistro viario non só afecta ao infractor, ou causante del, senón que ten consecuencia para a sociedade. Fai entrar nunha situación de risco a outros usuarios da vía pública, aos familiares e amigos e aos axentes de seguridade da zona.



Matasellos conmemorativo dedicado á "Educación Vial" no programa "'Polo orde e a seguridade"

En 1991, nace en Europa, a normativa para la creación dun teléfono único de emerxencias, o 112, desde entonces hasta agora. Con el mobilízanse os distintos servizos: sanitarios, policía, ...



É un número gratuito que funciona en todas as redes telefónicas, con saldo esgotado en tarxetas prepago, en terminais bloqueados por perda o roubo e, **incluso, sen tarxetas SIM nin cobertura do operador.**



Selo con teléfono de emerxencia dos Países Baixos emitido o 9/10/1990

Segundo o caso , acudirán a policía local (nas cidades), axentes da Garda Civil de tráfico (nas estradas).



Tamén membros de Protección Civil para asegurar a zona, ambulancias, helicópteros, ...



Matasellos conmemorativo do II Congreso Nacional Policía Nacional das Palmas do 12 ao 18 de maio de 1980

A Policía Local o chegar verifica o entorno do sinistro, solicita os medios necesarios, analiza a situación dos feridos e axuda e socorre na medida o posible hasta chegada dos servizos sanitarios.



Sobre do primeiro día de circulación emitido en Bon (Alemaña) 14/7/1983



Carta certificada. Saída: Radebeul, 26/1/1970 .Chegada: Herzberg am Harz, 28/1/1976 no reverso

A intervención dos bombeiros nun sinistro de tráfico actívase pola pregunta "hai algunha persna atrapada" que desde o 112 Emerxencias se realiza ao "alertante" (a persoa que avisa do accidente). En caso afirmativo irán a facer a excarcelación das vítimas.




Tarxeta enteiro postal polaca emitida en abril de 1987. Motivo: Coche de bombeiros de extinción con pó



Tarxeta enteiro postal emitida en Alemaña en 1994
Motivo: Coches de bombeiros históricos da fábrica de Krupp en Essen

En caso de sinistro normalmente ten que acudir un guindastre para retirar los vehículos accidentados.



Sobre inteiro postal emitido o 21/12/1988. Producido na fábrica de Perm Fk de Goznan.
 Texto: "Infracción por velocidad". Motivo: Coche estragado que se retirará cun guindastre



Sobre do 1º día de circulación da serie dedicada a Seguridade Viaria. En Israel. Emisión: 8/7/1997

Os voluntarios de Protección Civil tamén deben actuar nos sinistros viarios xa que a súa función é asistir e auxiliar aos corpos de emerxencias no desenvolvemento do seu labor profesional.




Carta circulada dende Lichtenbrunn no estado alemán de Turingia con fechador de Bad Lobenstein



Matasellos conmemorativo da Semana dedicada á Protección Civil e Seguridade Cidadá de Castela e León celebrada na localidade de Valladolid do 9 ao 12 de xuño de 1983

A Dirección Xeral de Tráfico (comunmente coñecida como DXT) é un organismo autónomo dependente do Ministerio do Interior de España responsable da execución da política viaria. A DXT Foi creada mediante a lei 47/59, de 30 de xullo de 1959, sobre regulación da competencia en materia de tráfico.



Rodillo emitido en Siena (Italia) o 12 de outubro de 1968 co lema "Máis velocidade, máis perigo"

Son os encargados de tramitar as sancións correspondentes ás infraccións de tráfico que poden ser a orixe de sinistros, moitos deles evitables, entre elas, o exceso de velocidade.



Reverso: Fechador de chegada a Jumilla do 1 de agosto de 1979 →



Carta certificada el 27/7/1979 con franqueo mecánico da Xefatura Provincial de Tráfico de Zaragoza pertencente ao Ministerio do Interior.

As familias dos intervinientes no sinistro padecen as consecuencia psicolóxicas da perda da vida dos seus familiares nunhas ocasións.




Folla bloque emitida en Holanda o 13 de novembro de 1985
Serie: "Coidado cos nenos" Dentado: $12\frac{1}{4} \times 14$

Noutras sofren a diminución das súas capacidades físicas e incluso mentais.



Carta circulada de Viena a Wurttt o 18/2/1971 franqueada con selo dedicado á Seguridade Viaria

A atención psicolóxica é primordial e necesaria nos casos de sinistros xa que os feridos e os familiares e amigos han de superar a perda dun ser querido ou as limitacións para a vida.




Sobre entero postal ruso con franqueo complementario.
Fechador de XAGAPOVCK del 27/12/2003



País: Suazilandia
Emisión: 30/1/2005
Dentado: 13½
Motivo: Seguridad Viaria



País: República
Democrática de Alemaña
Emisión: 22/11/1977



En reverso fechador de chegada:
Moscu, 8/1/2004

Para a cidadanía, calquera sinistro que se produza vai mermar aos efectivos de Forzas e Corpos de Seguridade do Estado que poden coidar da súa seguridade.



Sobre inteiro postal romanés de 1975. Cancelación de 1976 con garda e ilustración con policía axudando a nenos

Ademais xera un enorme gasto para o Estado a Comunidade Autónoma e o Concello que en realidade pagamos todos cos impostos.



Sobre 1º día de emitido en Copenhague (Dinamarca) o 24/3/1977 dedicado á Seguridade Viaria. Día do Benestar

Os intervinientes nun sinistro viario poden converterse en persoas impedidas temporalmente o para o resto da súa vida.



Sobre con cuño conmemorativo do Ano Internacional dos Impedidos. Motivo: Símbolo internacional de acceso un cadro azul coa imaxe estilizada dunha persona en silla de rodas en color branco.

Ademais xera un enorme gasto que en realidade pagamos todos cos nosos impostos.



Carta enviada dende Ausburgo (Alemaña) a Rossleithen (Austria) o 21/9/70.
Selos da serie de seis valores dedicados ao voluntariado emitida en Alemaña Federal o 18/6/1970.

Os accidentados nun sinistro poden falecer ou quedar de por vida en cadeira de rodas.



Non perdas a esperanza: "Loita por unha MOBILIDADE SOSTIBLE E SEGURA"

Folla bloque de Tanzania emitida o 1/7/1978 dedicada á seguridade na estrada. Dentado: 14